

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: CRA NOSA SEÑORA DO FARO
CURSO: ETAPA DE EDUCACIÓN INFANTIL
MATERIA:
DEPARTAMENTO:
DATA:

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

ÍNDICE

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.
2. Avaliación e cualificación.
3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)
4. Información e publicidade.

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Criterio de avaliación

Estándar de aprendizaxe

Para avaliar a consecución ou non consecución dos obxectivos programados e por tanto decidir se son precisas ou non medidas correctivas ao respecto o equipo de ciclo seleccionou os ítems de avaliación máis axeitados de entre os que se propoñen na aplicación XADE . Atendendo ás instrucións dadas dende a Dirección Xeral de Educación, estes ítems para o 3º Trimestre quedaron modificados, como se reflexa na Programación Didáctica, ante a imposibilidade de valorar as actividades en grupo e de forma presencial.

Pode facerse tamén seguindo o modelo que se teña na programación didáctica respectiva

2. Avaliación e cualificación	
Avaliación	<p>Procedementos: Global, Continua e Formativa.</p>
	<p>Instrumentos:</p> <p><u>Observación</u>: a través de listas de control, rexistros e diarios. Esta observación realizarase de forma telemática a través de fotografías, vídeos, audios ou videoconferencias.</p> <p><u>Entrevista</u>: Podémola definir coma unha conversa intencional. É un instrumento de gran valor para obter información sobre a opinión, actitudes, problemas, motivacións ... dos nenos/as e das súas familias. Dada a situación actual na que nos atopamos a entrevista terá lugar por vía telefónica.</p> <p><u>Contactos diarios</u>: As características do noso CRA permítenos estes intercambios diarios coas familias, co fin de facilitar a continuidade entre o ámbito escolar e familiar. Estes contactos durante o 3º Trimestre se realizarán a través de: grupos de whatsapp, videoconferencias, chamadas telefónicas ou correo electrónico.</p>
Cualificación final	<p>Indicar o procedemento para obter a cualificación final de curso:</p> <p>-Valoración da consecución dos items seleccionados do XADE.</p> <p>-Os criterios para o promoción de ciclo serán os seguintes:</p> <ul style="list-style-type: none"> ○ Ao remate do ciclo e como resultado do proceso de avaliación, o equipo de mestras e mestres que imparten docencia en cada grupo, na sesión final de avaliación, decidirá sobre a promoción do alumnado. A decisión será adoptada de forma colexiada, primando o criterio da familia. ○ O alumnado promocionará ao ciclo seguinte sempre que alcanzase o desenvolvemento adecuado das competencias básicas e un axeitado grao de madurez consonte a súa idade. ○ Accederase igualmente ao ciclo seguinte cando as aprendizaxes non alcanzadas non sexan un obstáculo para seguir satisfactoriamente o novo ciclo. Neste caso, no centro adoptaremos as medidas precisas para que o alumnado reciba os reforzos e apoios necesarios para a recuperación das ditas aprendizaxes. ○ O alumnado que non cumpra as condicións anteriores, permanecerá un

	ano máis no mesmo ciclo. Esta medida irá acompañada dun plan específico de reforzo e recuperación organizado polo CRA .
Proba extraordinaria de setembro	
Alumnado de materia pendente	Criterios de avaliación:
	Criterios de cualificación:
	Procedementos e instrumentos de avaliación:

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)	
Actividades	<p>O equipo docente está organizado en grupos de traballo para planificar actividades e elaborar material de forma máis efectiva. Planificando actividades de repaso, reforzo e ampliación. Sírvese da Nube dixital, que fai de canle para a comunicación e o intercambio de información. Así como de grupos de whatsapp e videoconferencias.</p> <p>As actividades están plantexadas dende un enfoque globalizador no que prima o xogo como medio de aprendizaxe, adaptado ao espazo das casas e os materiais que podemos atopar nelas.</p> <p>As actividades que se presentan, son na súa maioría individuais. Pero tamén se están a levar a cabo actividades que implican a participación directa das familias. Así como tamén se propoñen actividades que implican un acercamento co resto dos compañeiros/as , a través de vídeos, audios ou videoconferencias grupais. Habendo tamén intercambios de vídeos entre alumnado de diferentes escolas.</p>
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)	<p>A nosa práctica educativa versa principalmente en torno ó <i>constructivismo e o descubrimento</i>, co fin de asegurar <i>aprendizaxes significativas, polo que</i> , organizamos os contidos de maneira global.</p> <p>O profesorado está a valorar as situacións persoais de cada familia, primando o benestar do neno/a por enriba de todo, sendo prudente nas súas valoracións, valorando o seu esforzo e reforzando a autoestima dos pequenos/as.</p> <p>Dende o primeiro momento se busca dar solucións á falta de conectividade do alumnado. Polo que podemos dicir que todos os nenos/as teñen conectividade en maior ou menor medida, que lles permite levar un seguimento do traballo, a través de diferentes canles, dunha ou outra maneira.</p>
Materiais e recursos	<p>Software, Lims, PDF, enlaces web, audios, fotografías, vídeos, whatsapp, videoconferencias, correo electrónico, plataformas como zoom ou webex, a nube do CRA, titoriais.</p>

4. Información e publicidade	
Información ao alumnado e ás familias	Esta programación de Ed. Infantil estará colgada nas páxinas webs que abaixo se relacionan e darase información a todas as familias do CRA a través das titorías.
Publicidade	https://www.edu.xunta.gal/centros/crasenhorafaro/ https://escolasnanube.edu.xunta.es/ponteceso/index.php http://www.craescola.net/